


- 1 Le a descrición que escribiu André. Vai con ollo, que algunhas partes do texto saíron mal.



- 2 Tapa o texto e contesta estas preguntas.

Que fai André nas mañás de verán?

.....

Canto adoita ir André á casa dos seus avós?

.....

A paisaxe da Serra do Courel é sempre igual? Por que?

.....

- 3 Rodea só as palabras que aparecen no texto.

cuarto

estación

vexo

Courel

ofrece

serra

preferidas

semana

nubes

baixar

fiestra

cores

almorzo

aldea

tonalidade

brancas

paisaxes

contemplar

lacazán

mirar

cambio

1 Le a descrición que fai André dunha paisaxe.

1 Desde a fiestra do meu cuarto na casa da aldea dos meus avós vexo
 2 a Serra do Courel, unha das miñas paisaxes preferidas.
 3 No verán, gústame mirar pola ventá antes de baixar a tomar o al-
 4 morzo.
 5 Podo ver a serra toda verde, manchada do amarelo dalgunhas flores
 6 que quedan aínda.
 7 Hai días nos que o sol se pon lacazán e tarda un pouco máis en
 8 abrirse paso entre algunhas nubes brancas.
 9 Cada estación do ano ofrece unhas cores diferentes. Por iso me gus-
 10 ta ir alí polo menos unha fin de semana ao mes, para contemplar os
 11 cambios de tonalidade.

2 Localiza no mínimo tempo posible estas palabras no texto e indica en que liña se atopan.

Liña	Palabra
	avós
	amarelo
	flores
	diferentes
	tarda
	tonalidade

Liña	Palabra
	verán
	sol
	días
	semana
	paso
	ver

Liña	Palabra
	verde
	lacazán
	brancas
	cambios
	fin
	casa

3 Busca rapidamente no texto as palabras que cumpren estas condicións.

Conteñen a letra x	
Conteñen a letra v	
Conteñen o grupo de letras br	
Rematan en -ar	
Conteñen a letra b	